



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/48/2014	CONYI0YU
1Q221M5G142K2G130AZT	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "3" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MONITORES NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

**Presidente:** D. Guillermo Sánchez Fojo, Alcalde Acctal.

**Vogais:**

Dna. M. Angeles Manteiga Fulgueira, secretaria Accidental  
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental

**Secretario:**

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico
- Apertura do sobre 3: Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 11.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiu un representante das empresas Ferrovial S.A.U. e Servicio S.L.

Sendo as 12:00 horas do día 29 de decembro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre "B" de Documentación Técnica de Criterios de adjudicación que dependen dun xuízo de valor, e para apertura dos sobres "3" relativos á Oferta Económica das empresas admitidas á licitación.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre "2" de Referencias Técnicas:



**NARÓN**

Así, este informe técnico recolle unha proposta de puntuación das ofertas con base nas dúas áreas valoradas conxuntamente con 50 puntos, segundo a seguinte descrición:

- 1) Plan de Organización do servizo que se pretende prestar, no que se valora: Análise de necesidades, desenvolvemento Escolas Deportivas/actividades (desglose/programación, organización, obxectivos, metodoloxía, contidos, avaliación, temporalización/secuenciación), Plan/control de calidade, Coordinación do Servizo e claridade, precisión e concreción  
Adscribíense a esta área 30 puntos.
- 2) Melloras ao servizo, onde se valorara: Custe das mesmas, adecuación ao Concello, duración e medios utilizados  
Adscribíense a esta área 20 puntos.

Dacordo con esta proposta, os distintos proxectos acadan a seguinte puntuación:

Empresa	Plan de Organización	Melloras	Total
Arasti Barca M.A. S.L.	30	14	44
Axiña Servicios Deportivos S.L.	14	12	26
Eulen S.A.	26	17	43
Ferrovial S.A.U.	19	11	30
Serviocio S.L.	20	20	40
Servidios Deportivos Galicia S.L.	27	10	37

Unha vez posta en coñecemento dos licitadores a puntuación obtida na valoración das Referencias técnicas, procédese á apertura dos sobres "3" relativos ás Ofertas Económicas:

Empresa Servicios Deportivos Galicia S.L., propón un prezo: 687.280,00 euros, IVE: 144.328,80, Total: 831.608,80 euros.

Empresa Ferrovial S.A.U., propón un prezo: 674.616,67 euros, IVE: 141.669,50, Total: 816.286,17 euros.

Empresa Arasti Barca M.A., S.L. propón un prezo de: 682.000,00 euros, 825.220,00 euros IVE incluído.

Empresa Axiña Servicios Deportivos S.L., propón un prezo de: 677.068,20 euros, IVE: 142.184,32 euros, Total: 819.252,52 euros.

Empresa Eulen, S.A., propón un prezo: 677.300,00 euros, IVE: 142.233,00, Total: 819.533,00 euros.

Empresa Serviocio S.L., propón un prezo: 663.860,90 euros, IVE: 139.410,79, Total: 803.271,69 euros.

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

Unha vez abandonada a sala polo público asistente, continúa a reunión para puntuar as ofertas mediante a aplicación da correspondente fórmula matemática e propoñer a adxudicación ao órgano de contratación, resultando:



## CONCELLO DE NARÓN

Fórmula a aplicar:  $50 \times \frac{\text{Oferta máis baixa}}{\text{Oferta a valorar}}$

Puntuación

Empresa	Puntuación
Arasti Barca M.A. S.L.	48,67
Axiña Servicios Deportivos S.L.	49,02
Eulen S.A.	49,01
Ferrovial S.A.U.	49,20
Serviocio S.L.	50
Servidios Deportivos Galicia S.L.	48,30

Puntuación da oferta económica que sumada a obtida polo sobre "2" Referencias Técnicas resulta:

Empresa	Referencias Técnicas	Oferta Económica	Total
Arasti Barca M.A. S.L.	44	48,67	92,67
Axiña Servicios Deportivos S.L.	26	49,02	75,02
Eulen S.A.	43	49,01	92,01
Ferrovial S.A.U.	30	49,20	79,20
Serviocio S.L.	40	50	90
Servidios Deportivos Galicia S.L.	37	48,30	85,30

Unha vez valoradas as ofertas presentadas e admitidas, dáse traslado da mesma ao órgano de contratación, propoñendo a adxudicación do contrato á empresa máis vantaxosa para esta administración, Arasti Barca M.A. S.L. ao obter a maior puntuación na avaliación dos criterios obxectivos e non obxectivos, previstos nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación. .

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12:55 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

